



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# VIVIR PARA TRABALLAR...

Vigo, 16 de Maio 2011

De novo esta pasada noite unha avaría no Taller de Ferraxe, obrigou os traballadores/as desta quenda a non poder realizar a produción prevista. Saldándose o domingo cunha presenza de 4 horas.

En canto a avaría, para a C.I.G. hai unha relación directa coa redución de profesionais de mantemento levado a cabo nos últimos meses nestes talleres. O presumible aforro desta operación queren cubri-lo forzando un uso e abuso da flexibilidade dos traballadores/as da quenda de noite.

Así, ante esta situación, no día de hoxe, comunícasenos a intencionalidade da Dirección de alterar o calendario laboral (24 horas antes), decretando como laborable o festivo 17 para a quenda de noite.

Dende a C.I.G., e con todos os nosos respectos para quen opina publicamente de que *"...en Citroën nos hemos esforzado en que los empleados quieran vivir en la empresa, y no solo venir a trabajar. Tienen que sentirse a gusto, útiles y respetados..."* O traballo esta contemplado, cando menos para os asalariados/as, como un dereito fundamental, precisamente para poder vivir. Vivir para traballar como un obxectivo...non é de humanos...

En canto pretender, de un día para outro, obrigar a traballar a quenda de noite nun festivo, revela o grao de respecto e consideración que se ten para coa plantilla que soporta a maior carga de precariedade da fábrica, onde, pase o que pase, sempre están os da noite...

A quenda que traballa 6 días a semana, non pode dispor do seu tempo libre, ese tempo que nos da a condición de cidadáns, incluso sendo datas sinaladas para os traballadores como foi o 1º de Maio e agora tócanos a outra sinal de identidade colectiva, a do Día das Letras Galegas. Todo un exercicio de menosprezo.

Por todo elo, e con independencia das razóns expostas, a C.I.G., de levarse a cabo este decreto, faría o correspondente recurso ante a Autoridade Laboral correspondente.

Con dignidade, defendemos o traballo para vivir.

## Confederación Intersindical Galega